

ANTE O DIA DO MUNDO RURAL

Dúas realidades configuran, dun modo directo, a vida do mundo rural galego e español neste ano de 1977:

- o movemento da xente do agro: xuntanzas de xóvens e adultos, manifestacións de protesta, nacemento de varios sindicatos pra o agro;
- e o desexo, os intentos e os esforzos dos partidos políticos por chegar a tódalas parroquias ruraes.

O mundo rural galego quer protagonizar o seu futuro, a sua historia.

Os SINDICATOS pra 'o campo pódennles parecer a alguns como unha mistura de siglas e de divisións; pero quizá a realidade que indica, é a de que hai ou pode haber unha forza e unha vitalidade no mundo rural, que si foi capaz de facer nacer grupos de sindicalismo despois de 40 anos de sequía democrática, tamén será capaz de unificar criterios, accións e programas que superen a dispersión actual.

- * É verdade que moitos se arrogan a representatividade de tódolos agricultores, cando o seu "sindicato do campo" apenas conta detrás de si con xente deste sector.
- * É verdade que alguns se meten no mundo rural, porque ven ahí un campo pra sacar votos de cara a unhas eleccións, e militantes de cara aos seus partidos políticos.
- * É verdade que os antigos sindicatos verticais, que as antigas "Hermandades de labradores y ganaderos", que as antigas "Cámaras Oficiales Sindicales Agrarias", están traballando pra seguir actuando, dominando e manexando como antes, presentándose con nomes novos.
- * É verdade que a domesticación, feita durante moito tempo, leva a moita xente do mundo rural galego a aceptar consignas nadas fora del.

Todo esto é verdade. E son limitacións, atrancos e obstáculos que hai que superar. Non é válido fixarse soio nos fallos, nas deficiencias, cando un movemento sindical está a nacer. É necesario reconecer tamén toda a forza que supón este nacemento que pra nós, creentes, é un signo de resurrección.

Aos PARTIDOS POLITICOS quixéramos tamén facerlles unha chamada, desde a nosa probe voz de Igrexa rural, unida a outras voces e quizá tamén aos seus propios desexos.

Pedimoslles:

- que respeten de verdade o protagonismo do mundo rural.
- que non vaian ao campo só en búsqueda de votos.
- que non traten de entusiasmar á xente con promesas de beneficios non fáciles de realizar, nin con palabras bonitas e a medias que encerran realidades de dominio e opresión.
- que non ofrezan programas e solucións ao agro, sinon posibilidades pra que sexan os propios agricultores quen fagan e esixan cumprir ao partido político o programa agrario que eles vexan máis comenente aos seus intereses.
- que non nos digan —cando falemos desto— que no seu programa aceptan os puntos anteriores e máis. Sabemos que todos o dín. Pedimoslle, sinxelamente, que sexa verdade.

Hai moita xente do mundo rural que aínda ten medo e non ten perspectivas de futuro. Desde aquí e desde agora facemos unha chamada a toda a xente do mundo rural galego.

Pedimoslle:

- que non teñan medo. (“Por qué tendes medo, homes de pouca fé?”, dí o Señor).
- que non se deixen asoballar polos feitos e as voces que aparecen ás veces a berros e violentas, e outras á suiña, que falan de futuro incerto, cando quen as dín construíron este pasado e este presente, pra nós magoante.
- que participen activa e responsabelmente e cos ollos abertos neste cámbio que estamos a dar en Galicia e en España.
- que, neste intre, non deixen que emigren os seus votos, como emigran os seus fillos, os seus cartos, os seus productos naturais...
- que fagan todo o que poidan pra que realmente naide protagonice o papel e a misión que eles teñen no futuro do campo galego.

Somos un movemento de creentes, de cristiáns comprometidos, de homes de fé.

Cómo vivir esa fé, qué esixencias tén esa fé, e qué dinamismo nos dá esa fé nesta realidade-desexo de ser protagonistas do noso mundo rural, é algo que cada grupo, cada comunidade e nós, temos prantexado e estamos descubrindo.

Unha cousa é certa: os pasos que estamos a dar neste senso fánnos, débennos facer, ser conscientes da nosa participación naquel mandato do Señor: “Dominade as forzas da natureza e da creación”.